

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Fundación do Mosterio de Celanova

Un día ía San Rosendo polo Monte do Castro, en Casasoá, concello de Celanova (Ourense) e topouse con Deus que lle dixo:

☐ Quero que me fagas unha casa con tantas ventás como días ten o ano.

E San Rosendo colleu unha pedra e tirouna desde o monte e dixo que onde caera a pedra alí faría un mosteiro. Baixou e mediu o terreo de ancho cunha pel de vitelo, e despois dísto alí fixo o mosteiro que hoxe hai en Celanova.

[Texto remitido por José Manuel Lorenzo Rodríguez, de Ourense]

BIBLIOGRAFÍA

NOTA:

A informante é unha señora duns 78 anos, veciña de Casasoá, moi preto de Celanova. Unha aldea que está na ladeira dun castro donde tamén hai outros relatos nos que se relaciona a San Rosendo cos restos do mesmo, dicindo que era a casa e as cortes do gando que tiña o santo.

Existen outro tipo de relatos de similares características pola zona nos que o elemento simbólico é a pedra, a mesma que moita xente di que leva na man o santo esculpido na portada do mosteiro de San Salvador de Celanova.